

María Eva Rodríguez Vicente, con DNI 32835908G, como delegada sindical da CIG e membro da Xunta de Persoal da Administración de Xustiza na provincia da Coruña, remito o presente para apoiar a solicitude de persoal de reforzo feita pola Letrada do Xulgado do Penal nº 2 de Santiago de Compostela o pasado día 29 de outubro. Tal e como ela manifesta na súa petición, o cadro de persoal dese órgano ven de mudar na súa maioría nos últimos meses, tanto con persoal titular procedente doutros territorios como persoal interino sen experiencia previa na Administración de Xustiza. A isto engadiuse a non renovación da persoa do Servizo común de apoio que viña traballando para o órgano.

En canto á pendencia, a Letrada xa reflectiu no seu escrito tanto o número de asuntos ingresados, como os resoltos e en trámite, tal e como se require, destacando que hai 637 procedementos abreviados pendentes ao final do primeiro semestre de 2024 así como 1034 execucións. Pensamos que estas cifras xustifican sobradamente o nomeamento dunha persoa de reforzo para o órgano.

É por isto que manifestamos o noso apoio á petición enviada pola Letrada do Xulgado do Penal nº 2 de Santiago de Compostela e solicitamos que á maior brevidade posible se nomee unha persoa de reforzo para ese xulgado.

A Coruña, a 11 de novembro de 2024

DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA